



Disposición final

Esta ordenanza, una vez aprobada definitivamente, se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia, y entrará en vigor una vez transcurrido el plazo de quince días hábiles desde la fecha de publicación, de acuerdo con lo previsto en el artículo 70.2, en relación con el 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Castrolo de Miño, 30 de junio de 2012. El alcalde.

Fdo.: Xurxo Rodríguez Méndez.

R. 2.894

Ourense

Igualdade

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de xuño de 2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

69.- Aprobación das bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade no ano 2012.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade acordou:

1.- Aproba-las bases reguladoras de subvención para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade.

2.- Aproba-la convocatoria de subvencións para o ano 2012 para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade.

3º.- Aproba-lo gasto por importe de 15.000,00 € con cargo á partida 210.2320.48949 do orzamento municipal condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

4º.- Ordena-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e para os efectos.

Bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade

Primeira.- Finalidade e obxecto

O Concello de Ourense, a través da súa Concellería de Igualdade, presenta as seguintes bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade, (en diante bases reguladoras), coa finalidade de fomentar e consolidar-lo asociacionismo das mulleres e aqueloutros que promovan a igualdade de xénero, contribúan á promoción das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, para facer efectivos os dereitos á igualdade e á non discriminación por razón de sexo proclamados no artigo 14 da Constitución española e de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Segunda.- Condicións xerais

Poderán acollerse a estas bases reguladoras todos aqueles proxectos de actividades e servizos a desenvolver no termo municipal de Ourense que persigan, entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Potenciar e difundir-las actividades de promoción da igualdade de oportunidades e trato entre ambos sexos nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de mulleres e homes, a coeducación, a saúde, a corresponsabilidade e o fomento da participación sociocultural.

2. Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

3. Potencia-lo asociacionismo e a participación das mulleres en tódolos ámbitos.

4. Impulsa-la apertura de novas canles de intervención a favor da igualdade entre mulleres e homes, evitando perpetuar-los roles tradicionalmente sexistas.

A concesión de subvencións, que constitúen o obxecto destas bases reguladoras estará limitada ó crédito máximo dispoñible na aplicación orzamentaria 210 2320 48949 do orzamento da Concellería de Igualdade para cada exercicio económico.

Terceira.- Beneficiarias

Preferentemente poderán acollerse a estas bases reguladoras as entidades ou asociacións integrantes do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes. Tamén poderán concorrer outros colectivos, sempre e cando reúnan as seguintes condicións:

a) Entidades ou asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas con sede social no termo municipal de Ourense, que realicen actividades de interese municipal en materia de xénero e igualdade e se atopen ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

b) Que, conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas bases. (A chegarase copia dos seus estatutos).

c) Que dispoñan de estrutura suficiente para garanti-lo cumprimento dos obxectivos propostos e acredita-la experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

d) Reuni-los requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, ás entidades solicitantes esixiralles unha declaración de non estaren incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 dos citados artigos 13 e 10 das devanditas leis.

Cuarta.- Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

1.- Aqueles que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Ourense.

2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Ourense.

3.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

4.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

5.- Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

6.- Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

7.- Aqueles que inclúan, comidas, agasallos e viaxes, exceptuando aquelas viaxes que teñan relación específica con temas de xénero e igualdade.

8.- Aqueles que teñan asinado algún convenio específico coa Concellería de Igualdade.

9.- Aqueles que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas outorgadas neste servizo do Concello de Ourense no ano anterior, agás aquelas que antes do 1 de novembro presenten na Concellería de Igualdade escrito motivado da renuncia á subvención.

10.- Aqueles que, en consideración ó proxecto e programación presentados, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición deste ou que a materia non se axuste ós obxectivos da convocatoria.



Quinta.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases reguladoras. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados pola Concellería de Igualdade e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.es)

As solicitudes serán dirixidas ó Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Ourense, achegando a documentación solicitada na bases reguladoras.

2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.- Documentación.

Sen prexuízo do establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

a) Solicitude de subvención dirixida ó Excmo. Sr. Alcalde, segundo modelo normalizado (anexo I). Presentarase unha única solicitude para tódolos proxectos solicitados.

b) Proxecto de actividades ou servizos a favor da igualdade para os que se solicita subvención (anexo II). Encheranse tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación deberá achegarse currículo do profesorado.

c) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

d) Folla de terceiros (anexo III).

e) Declaración xurada ou certificación acreditativa de estar ó día nas obrigas tributarias con calquera das administracións e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo IV).

f) Orzamento da actividade proxectada (anexo V).

Sexta.- Criterios de valoración para os proxectos

De conformidade co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da Concellaría de Igualdade destinadas para tal fin neste exercicio. Neste sentido, logo de excluí-las solicitudes segundo o estipulado na base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 22 puntos:

a) Calidade do proxecto e adecuación ós obxectivos recollidos na cláusula segunda das bases.

- Interese e relevancia das actividades ou servizos propostos cara ó fin perseguido: ata 7 puntos.

- Por recolle-lo proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na base segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido, ata un máximo de 5 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (ata 2 puntos).

- Número de beneficiarias/os (ata 2 puntos).

c) Traxectoria da entidade ou asociación e grao de implicación nas actividades da Concellaría de Igualdade (ata 4 puntos).

d) Emprego da lingua galega e da linguaxe non sexista (ata 2 puntos).

A valoración farase tendo en consideración o tempo que leve a entidade ou asociación participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da Concellaría de Igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade ou asociación xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes na Concellaría de Igualdade do Concello de Ourense.

Sétima.- Instrución do procedemento

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á directora do CIMM, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos, o/a interesado/a será requirido para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimarán a súa solicitude ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, órgano colexiado composto pola concelleira delegada da área de igualdade que actuará como presidenta, a directora do CIMM (Centro de Información Municipal da Muller), a/o titular da Asesoría Xurídica ou funcionario/a en quen delegue, o interventor municipal ou funcionario/a en quen delegue, e un/ha funcionario/a que se designe que actuará como secretario/a.

4.- A Comisión de Avaliación poderá:

- Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.

- Excluí-las solicitudes que non reúnan os requisitos necesarios para seren beneficiarias.

- Valora-las solicitudes que cumpran os requisitos para seren beneficiarias consonte ós criterios establecidos na cláusula sétima.

- Emitir informe de avaliación respecto das solicitudes de subvención.

5.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire a base quinta e valoraranse as restantes solicitudes, conforme co establecido na base sétima.

6.- Emitido o informe de avaliación, o órgano instructor formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada que lles será notificada ós interesados, e concederá-selles un prazo de dez días para presentar alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia nos supostos a que se refire o artigo 84.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, revestindo neste caso a proposta de resolución carácter definitivo.

7.- Examinadas, se é o caso, as alegacións, o/a instructor/a formulará a proposta de resolución definitiva, que expresará a relación de solicitantes para as que se propón a subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios segui-



dos para efectual. Tamén conterà a relación de aspirantes ós que se lles denega a subvención xunto coa motivación.

8.- As propostas, provisionais ou definitivas, non crean ningún dereito a favor da asociación ou entidade proposta fronte á Administración.

Oitava.- Resolución

1. Logo da proposta do órgano instrutor, correspóndelle á concelleira delegada de Igualdade a resolución motivada de concesión ou denegación das axudas no prazo de seis meses, contado dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Para dita-la resolución definitiva e notifica-la devandita resolución ateranse ó disposto nos artigos 89 e 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, respectivamente.

2. De conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima ás asociacións ou entidades solicitantes para entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de concesión de subvencións.

3. Estas bases reguladoras e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Asemade, poderá interpoñerse previamente, con carácter potestativo, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se transcorre outro mes sen contestar.

En tódolos casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Novena.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas

1ª.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2ª.- O compromiso da utilización dunha linguaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

3ª.- O compromiso do emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

4ª.- Informar e darlles publicidade ás actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Ourense, Concellería de Igualdade”, coa incorporación que subministrará a Concellería de Igualdade mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

5ª.- Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

6ª.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Ourense considere necesario.

7ª.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento destas bases.

8ª.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

9ª.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

10ª.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autoría e tódolos demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

11ª.- Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Ourense, así como das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de se-lo caso.

12ª.- As demais obrigas establecidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 38/2003.

Décima.- Aboamento

1. O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

2. Procederáse á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ó 100 % do importe da contía da axuda concedida.

- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.

3. As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes Administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Ourense para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente das subvencións por outras Administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

4. A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pago parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira de Igualdade.

Undécima.- Xustificación

1. A xustificación realizarase mediante rendición de contas xustificativas dos gastos realizados. A conta xustificativa comprende:

a.- Instancia subscrita pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención dirixida ó Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Ourense solicitando o pago de subvención concedida.

b.- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades financiadas coa subvención e o seu custo así como exemplares da publicidade, se fose o caso (carteis, dípticos, etc).

c.- Relación numerada de documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada con expresión mínima da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento e data de pago (anexo VI).

d.- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, por importe equivalente á cantidade subvencionada e coa acreditación de estaren pagadas.

A acreditación farase:

- No caso de pagamentos que sexan iguais ou superiores a 1.000 € por provedor: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e data na que foi realizado.

- No caso de pagamentos en efectivo: a factura virá asinada pola persoa responsable do cobro e selada no caso de ser unha persoa xurídica.



- Para o suposto de que se inclúan facturas con retencións fiscais deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na facenda pública (agás os correspondentes ó último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 110, 115 ou 190.

e.- Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada, segundo modelo normalizado (anexo VII).

f.- Declaración xurada da asociación ou entidade preceptora acreditativa de entre outros, dos seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada (anexo IV).

A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a.- Unha relación numerada de documentos xustificativos con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe e data de emisión (anexo VI).

b.- Presentación de facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán conte-las seguintes requisitos esixidos legalmente.

- Número e, de se-lo caso, serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

• Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais comportarán a pertinente retención do IRPF.

Para posibilita-lo control da concorrencia de subvencións, cando a asociación ou entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do Regulamento da Lei 38/2004) da factura orixinal indicando nesta o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ó expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ó exercicio do ano en curso, e non deberá constar de forma expresa se estes foron pagados con anterioridade á finalización do procedemento de xustificación determinada nestas bases reguladoras.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ó período no que efectivamente se realiza a actividade.

Duodécima. Procedemento para a xustificación

1. A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4 do anexo II só ten efectos informativos, non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

2. O persoal técnico da Concellería de Igualdade será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar-la adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Décimo terceira. Reformulación de proxecto

1. No caso de que unha asociación ou entidade non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellería de Igualdade o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

2. Os cambios propostos serán debidamente razoados e presentados con, cando menos, un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade nunca se referirán a máis dun proxecto.

3. Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases reguladoras e deberán xustificarse nos prazos e condicións.

4. Os novos proxectos deberán cumprir-las seguintes condicións:

a.- Enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases.

b.- Ser de igual calidade que o proxecto ó que substitúe.

c.- Seren presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases reguladoras.

5. En calquera caso, será a Concellería de Igualdade quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns que os xustifican, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral do concello. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

Décimo cuarta.- Perda e reintegro

1. O Concello de Ourense poderá acorda-la perda ou reintegro da axuda concedida se incorre nalgún dos seguintes supostos:

a.- Non realiza-os programas ou actividades subvencionadas.

b.- Incumplir algunha das condicións establecidas nestas bases reguladoras.

c.- Aplica-las subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

2. Os expedientes de perda ou reintegro de pagamento polas cantidades transferidas instruiranse de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo quinta.- Disposicións derradeiras

1.- O Concello de Ourense quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- En todo aquilo non previsto nestas bases reguladoras atearanse ó establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.



ANEXO I

INSTANCIA-SOLICITUDE		
DATOS DO/A SOLICITANTE		
Nome e apelidos ou denominación social:	DNI ou CIF:	
Representante:	Teléfono:	Fax:
Enderezo:	Código postal	
E-mail:		
SOLICITO:		
Que se admita a solicitude de subvención pola cantidade de _____ € con destino a		
sufraga-los gastos de		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
para os que se acompañan os documentos requiridos na convocatoria.		

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que:

o Non se solicitaron nin obtiveron outras subvencións para a mesma finalidade ó longo deste ano.

o Solicítáronse subvencións a outros organismos ou institucións, en concreto:

	resultado:oConcedida o Denegada oTrámite.	Importe:	€
	resultado:oConcedida o Denegada oTrámite.	Importe:	€
	resultado:oConcedida o Denegada oTrámite.	Importe:	€
	resultado:oConcedida o Denegada oTrámite.	Importe:	€

Ourense, de _____ de _____

Sinatura _____

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO II

1.-PROXECTO OU ACTIVIDADE

--

2.-ENTIDADE OU ORGANIZACIÓN PROMOTORA (se é o caso)

--

3.-PERSONA RESPONSABLE

--

4.-FUNDAMENTACIÓN (razón pola que se solicita a axuda)

ACTIVIDADES	DATA DE EXECUCIÓN

DESTINATARIOS/AS (quen vai participar nel, para quen se organizan as actividades, número aproximado de participantes, etc.)

--



ANEXO III

FICHA DE TERCEIROS

Os datos que figuran nesta ficha son os que constan no Ficheiro de Terceiros do Concello para a realización de pagos a provedores.

Rogámoslle que complete ou corrixa os datos desta e nola remita, na maior brevidade posible, para poder realiza-los pagos pendentes con vostede.

Os datos de titular do/a provedor/a necesariamente deberán coincidir cos datos do titular da conta bancaria (NIF e nome ou razón social). En caso contrario este concello non poderá legalmente efectuar pagos na dita conta bancaria.

DATOS ACTUAIS DO PROVEDOR/A		
DNI / CIF:		
NOME / RAZÓN SOCIAL:		
DOMICILIO:		
MUNICIPIO:	PROVINCIA:	C. POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	
DATOS CORRIXIDOS DO PROVEDOR/A ⁽¹⁾		
DNI / CIF:		
NOME / RAZÓN SOCIAL:		
DOMICILIO:		
MUNICIPIO:	PROVINCIA:	C. POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	

(1) Enche-los campos erróneos no caso de ser necesaria algunha modificación nos datos preexistentes no concello.

Data	Sinatura e selo
DATOS DA CONTA BANCARIA DE PAGO (PARA ENCHER POLA ENTIDADE FINANCEIRA)	
BANCO / CAIXA:	
ENDEREZO:	C. POSTAL:
TELEFONO:	
TITULAR DA CONTA ⁽²⁾ :	
DNI / CIF ⁽²⁾ :	
CÓDIGO CONTA CLIENTE/A (CCC)	
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL DC NÚMERO DE CONTA

(2) Necesariamente deberán coincidi-los datos do/a provedor/a cos datos identificativos do/a titular da conta.

.....,de.....de.....

Sinatura e selo do banco ou caixa

Conforme, o/a provedor/a,



ANEXO IV

(DECLARACIÓN XURADA)

D./D.^a (nome e apelidos), con
DNI..... e CIF da, como
presidente/a da entidadee con
domicilio en

D./D.^a..... (nome e apelidos),
con DNI, como secretario/a da
entidade.....e....

..... con
domicilio.....en.....

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE ESTA DECLARACIÓN XURADA, para os
efectos de acreditar ante a Concellería de Igualdade,

1-Que nin a entidade, nin os seus membros, nos casos legalmente establecidos, se
atopan incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003,
xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario de subvencións das
Administracións públicas.

2-Que o importe da subvención solicitada non supera o 75 % do custo realmente
soportado pola entidade, considerando outras subvencións que puidesen conceder coa
mesma finalidade.

3-Que a entidade non é debedora da Facenda estatal, autonómica nin local nin coa
Seguridade Social.

4-Que nos comprometemos a achegar a diferenza existente entre a cantidade
subvencionada e o custo total da actividade.

5-Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola
Concellería de Igualdade, referente a calquera circunstancia ou extremo relativo á
subvención outorgada.

6- Non se percibiron outras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados .
Percibíronse as seguintes axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados:

7-Que os xustificantes acreditativos dos gastos presentados se aplicaron á actividade
subvencionada.

..... de

O/a presidente/a

O/a secretario/a

Asdo.:

Asdo.:



ANEXO V

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE PROXECTADA

ORZAMENTO INGRESOS		ORZAMENTO DE GASTO	
	EUROS		EUROS
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VI

RELACIÓN NUMERADA DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS

N.º xustificante	N.º factura	PROVEDOR/A	CONCEPTO	EUROS

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VII

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE PROXECTADA

INGRESOS			GASTOS		
	PREVISTOS	REALIZADOS		PREVISTOS	REALIZADOS
Ingresos da entidade por cotas			Gastos de persoal		
Ingresos ordinarios			Gastos de servizos		
Ingresos subvencións			Imprevistos		
Outros ingresos			Outros gastos		
TOTAL INGRESOS			TOTAL GASTOS		

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE

Resolución da Concellería de Igualdade de convocatoria de subvencións para o ano 2012 para entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade

A Concellería de Igualdade procede a convocar axudas en materia de igualdade para o exercicio 2012, conforme ás bases reguladoras de subvención para a concesión de subvencións a entidades en ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade, á Ordenanza xeral municipal de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, xeral de subvencións, de acordo coa súa disposición derradeira primeira e, supletoriamente, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Primeiro.- Obxecto

Conforme ás bases reguladoras de subvención para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade, constitúe o obxecto desta convocatoria a concesión de subvencións en materia de igualdade para o exercicio 2012 con cargo ó orzamento da Concellería de Igualdade, na liña:

Liña 1.- Concesións de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade no ano 2012.

Segundo.- Crédito orzamentario

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 210 2320 48949 do orzamento municipal vixente da Concellería de Igualdade para o exercicio económico de 2012, sendo o importe de quince mil euros (15.000,00€), e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Solicitudes: prazo e forma

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega na convocatoria no prazo de 20 días naturais desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP), no Rexistro Xeral de Concello ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 30 de novembro de 2012.

A documentación que se presentará será a determinada nas bases reguladoras de subvención para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade.

Cuarto.- Normativa aplicable

En todo o non especificado nesta convocatoria, ateranse ó disposto nas bases reguladoras de subvención para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade, na Lei de subvencións de Galicia, a Lei xeral de subvencións, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa que resulte de aplicación.

Igualdad

La Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria de 21 de junio de 2012, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

69.-Aprobación de las bases reguladoras y la convocatoria de subvenciones de la Concejalía de Igualdad para la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para la realización

de programas y/o actividades a favor de la igualdad en el año 2012.

La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad acordó:

1.- Aprobar las bases reguladoras de subvención para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad.

2.- Aprobar la Convocatoria de subvenciones para el año 2012, para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad.

3.- Aprobar el gasto por importe de 15.000,00 € con cargo a la partida 210.2320.48949 del presupuesto municipal condicionado a la existencia de crédito adecuado y suficiente.

4.- Ordenar su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia para su general conocimiento y a los efectos.

Bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad

Primera.- Finalidad y objeto

El Ayuntamiento de Ourense, a través de su Concejalía de Igualdad, presenta las siguientes bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para la realización de programas y/o actividades a favor de la igualdad, (en adelante bases reguladoras), con la finalidad de fomentar y consolidar el asociacionismo de las mujeres y aquellos otros que promuevan la igualdad de género, contribuyan a la promoción de las mujeres en todos los ámbitos de la vida pública y personal, así como en la prevención y combate de la violencia de género, para hacer efectivos los derechos a la igualdad y a la no discriminación por razón de sexo proclamados en el artículo 14 de la Constitución española y de conformidad con la Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

Segunda.- Condiciones generales

Podrán acogerse a estas bases reguladoras todos aquellos proyectos de actividades y servicios a desarrollar en el término municipal de Ourense que persigan, entre otros, los siguientes objetivos:

1. Potenciar y difundir las actividades de promoción de la igualdad de oportunidades y trato entre ambos sexos en los diversos ámbitos de la sociedad, especialmente en la lucha contra la violencia de género, la conciliación de la vida personal, familiar y laboral de mujeres y hombres, la coeducación, la salud, la corresponsabilidad y el fomento de la participación sociocultural.

2. Promover la inversión de recursos sociales en acciones positivas para las mujeres.

3. Potenciar el asociacionismo y la participación de las mujeres en todos los ámbitos.

4. Impulsar la apertura de nuevos canales de intervención a favor de la igualdad entre mujeres y hombres, evitando perpetuar los roles tradicionalmente sexistas.

La concesión de subvenciones, que constituyen el objeto de estas bases reguladoras estará limitada al crédito máximo disponible en la aplicación presupuestaria 210 2320 48949 del presupuesto de la Concejalía de Igualdad para cada ejercicio económico.

Tercera.- Beneficiarias

Preferentemente podrán acogerse a estas bases reguladoras las entidades o asociaciones integrantes del Consejo Municipal de la Igualdad de Oportunidades de Mujeres y Hombres. También podrán concurrir otros colectivos, siempre y cuando reúnan las siguientes condiciones:



a) Entidades o asociaciones sin finalidad de lucro, públicas o personales con sede social en el término municipal de Ourense, que realicen actividades de interés municipal en materia de género e igualdad y se encuentren o no inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones.

b) Que, conforme a sus estatutos o normas reguladoras, tengan objetivos y finalidades coincidentes con los establecidos en las presentes bases (se adjuntará copia de sus estatutos).

c) Que dispongan de estructura suficiente para garantizar el cumplimiento de los objetivos propuestos y acreditar la experiencia y capacidad necesaria para el logro de tales objetivos.

d) Reunir los requisitos establecidos en los artículos 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia. En consecuencia, a las entidades solicitantes se les exigirá una declaración de no estar incurso en las prohibiciones que recogen los apartados 2 y 3 de los citados artículos 13 y 10 de dichas leyes.

Cuarta.- Desestimación de las solicitudes
